

Tarefa 3º (semana do 8 ó 12 de xuño)

Lembras o proxecto deste curso? Os oficios tradicionais.

Pois imos dedicar esta semana ós oficios

LUNS: L. Galega: “Que queres ser de maior?” (Tema 11 do teu libro)

Páxinas 140 e 141: primeiro tes que ler as dificultades de lectura e as palabras do vocabulario. Logo fai a lectura (podes escoitala no libro dixital)

Páxina 142. Comprensión: exercicios orais: 2, 4, 5 e 7; na libreta: 1, 3 e 6

Páxina 143. Vocabulario: aquí tes algúns oficios artesanais. Fai na libreta os exercicios 8 e 10 (no exercicio 10 debes buscar **os catro oficios: ferreiro, tecelá, canteiro e zoqueiro**, e escribir na libreta en que consisten)

MARTES: C. Sociais: “As actividades económicas” Le a ficha que che mando, comprende e fai as actividades.

MÉRCORES: Traballo de investigación.



Este é un traballo para enviarme

Investiga sobre alguén da túa familia que se dedique, ou dedicara, a un oficio tradicional. Tal vez algún avó ou avoa? Aproveita para que che conten, eles saben moito! Pregúntalles e anota a información na ficha (podes facelo primeiro na libreta e logo pásalo sen faltas), no título pos o nome do oficio, escribe tamén quen se dedicaba a ese traballo: o seu nome e que parentesco tiña contigo. Logo fai un debuxo e coloréao. Fáslle foto e mándasmo para valoralo.

XOVES: Matemáticas: Problemas. Páxina 119: exercicios 1 y 2

VENRES: Rematamos coa pregunta que empezamos: Que queres ser de maior?

Na libreta contesta estas preguntas:

- Que quero ser de maior?
- Para que?
- Que terei si me dedico a ese oficio? Que farei?
- Onde traballarei? Que haberá alí?
- Como me sentirei facendo ese traballo?

PLÁSTICA: Agora con esas palabras que contestaches na libreta (ou con outras parecidas) vas a completar un poema sobre o que queres ti ser de maior. (Faino primeiro na libreta, logo pásalo a limpo). Búscalle un título atractivo. Fails un debuxo e coloréao. (Xa sabes que o debuxo non ten que ser igual ó de un debuxante, tés que pensar primeiro, facelo grande, non borrar, e esforzarte. Estou segura que o podes facer xenial!) Tómate o teu tempo. Si o fas correndo para acabar pronto nótase moito! **Este traballo tamén tes que enviarmo.** (Si non podes fotocopiar a ficha copia o poema nun folio, sobre a libreta para ter a guía das pautas)

AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Para satisfacer as nosas necesidades, como alimentarnos, vestirmos, ter unha vivenda... as persoas traballamos en diferentes actividades económicas a cambio de cartos, é dicir recibimos un soldo ou salario.

As actividades económicas son os traballos que facemos e clasifícanse en tres grupos:

O sector primario inclúe tódolos traballos relacionados coa obtención de produtos da natureza: agricultura, gandaría, pesca, marisqueo e minaría. Por exemplo: unha mariscadora obtén marisco da natureza. Os produtos obtidos poden ser a materia prima para elaborar outros

No sector secundario atópanse os traballos destinados a transformar produtos da natureza: industria, artesanía e construción. Por exemplo: nunha industria conserveira o marisco que obtiveron as mariscadoras métese en latas para consérvalo máis tempo.

Ao sector terciario pertencen os traballos que prestan servizos ás persoas: sanidade, ensinanza, comercio, transporte, alimentación, turismo, ocio... Por exemplo un cociñeiro prepara o marisco no seu restaurante. A este sector tamén se lle chama sector servizos..



1. Completa:

As actividades económicas son os _____ que realizamos as persoas a cambio de _____.

2. Relaciona cada frase co sector que lle corresponde:

- | | |
|------------------------------|---------------------|
| . Transforma produtos | . Sector primario |
| . Presta servizos ás persoas | . Sector secundario |
| . Obtén produtos da natureza | . Sector terciario |

3. Que fan os traballos do sector primario?

4. Que fan os traballos do sector secundario?

5. Que fan os traballos do sector terciario?

6. Pensa nos traballos dos teus pais e familiares e clasifícaos:

Sector primario: _____

Sector secundario: _____

Sector terciario: _____



Este era/é o oficio de _____

En que consiste este traballo?

Onde se realiza?

Que ferramentas ou utensilios utiliza?

Solen facelo mulleres, homes ou ambos?

Cres que poden facelo mulleres e homes?

Este traballo:

- a) Obtén produtos da natureza
- b) Transforma materias primas noutros produtos
- c) Presta un servizo ás persoas

É unha actividade económica do sector _____

Paréceche un traballo importante? Por que?

Na actualidade, síguese realizando igual que antes? Que cousas cambiaron?

Nome _____



Eu quero ser _____

para poder _____.

Terei _____

e _____.

Traballarei _____

e _____.

Cando sexa _____

_____!

Nome _____